

**ENCARGO Á FUNDACIÓN DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O ESTUDIO SOBRE O TALENTO BIOTEC E PROMOCIÓN LABORAL DO ALUMNADO DO MESTRADO EN BIOINFORMÁTICA PARA CIENCIAS DA SAUDE****ANTECEDENTES**

PRIMEIRO. A UDC e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia asinaron con datas 12 e 13 de xullo do 2022 un Convenio para o desenvolvemento de accións estratéxicas de I+D+i no período 2021-2022.

SEGUNDO. A Fundación Universidade da Coruña (en diante FUAC) é unha institución recoñecida e de referencia no ámbito empresarial e institucional, conta cunha axeitada estrutura organizativa, capacidade de escalado dun amplo conxunto de servizos de apoio a iniciativas e proxectos de investigación, formación e transferencia, dispón de coñecemento especializado así como dos recursos técnicos necesarios para dar resposta ás necesidades de xestión e tramitación administrativa de Convenios de Colaboración con Entidades e Institucións que require a UDC e ven levando a cabo a xestión técnica, económica e administrativa de diferentes iniciativas, programas e proxectos baixo encargo da UDC.

TERCEIRO. A FUAC dende a súa creación, en 1997, ven desenvolvendo iniciativas e acumulando experiencia con entidades públicas e privadas, a nivel autonómico, estatal e europeo, tendo a capacidade e os recursos axeitados para impulsar a transferencia de coñecemento da UDC, e apoiar a xestión dos grupos e servizos da UDC.

CUARTO. Segundo o artigo décimo terceiro dos Estatutos da Fundación da Universidade da Coruña, establécese que a FUAC é un medio propio instrumental e servizo técnico da Universidade da Coruña (en adiante UDC), considerándose á relación da FUAC coa UDC, para todos os efectos, de carácter interno, dependente e subordinado, e articulándose a través de encargos, de conformidade co previsto na Lei de contratos do sector público (LCSP).

QUINTO. O Reitor da UDC, propón a xestión técnico, administrativa e económica da FUAC para o ESTUDIO SOBRE O TALENTO BIOTEC E PROMOCIÓN LABORAL DO ALUMNADO DO MESTRADO EN BIOINFORMÁTICA PARA CIENCIAS DA SAUDE conforme ao seguinte,

ENCARGO DE XESTIÓN

PRIMEIRO. O presente encargo baséase no artigo 32 da LCSP tendo, polo tanto, un carácter obrigatorio para a FUAC quen deberá aceptala e executala conforme ás instrucións técnicas e académicas dadas pola UDC, para a interpretación dos traballos encomendados e o seguimento destes.

SEGUNDO. As tarefas a realizar pola FUAC obxecto do presente encargo, así como os requisitos para as mesmas son a de dar apoio técnico, administrativo e económico para a realización das actuacións indicadas como Anexo I aso presente encargo.

TERCEIRO. O presente encargo é competencia da Vicerreitoría de Economía e Planificación Estratéxica que designa a Javier Pereira Loureiro, do Grupo de investigación Tecnoloxía Aplicada á Investigación en Ocupación, Igualdade e Saude e Coordinador do Mestrado en “Bioinformática para as Ciencias da Saude”, como Dirección Técnica.

Código Seguro De Verificación	YGMVVYTLGVk5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	23/11/2022 11:16:53
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/YGMVVYTLGVk5NDoneN+Cjw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





CUARTO. O orzamento para a execución do presente encargo ascende a ONCE MIL EUROS (11.000,00 €). Consonte a Lei 28/2014, que modifica a Lei 37/1992 do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) as contías derivada dos encargos realizados de conformidade co disposto na LCSP non están suxeitas ao imposto sobre o valor engadido (IVE).

QUINTO. O pagamento da cantidade estipulada realizarase previa xustificación das tarefas executadas e certificación do gasto realizado.

Todas as certificacións presentadas pola FUAC serán conxuntas entre a Dirección Técnica e a Xerencia da FUAC. A/as certificación/s será/n emitida/s pola FUAC, para a xustificación ante a UDC, cando lle sexa requirido pola Dirección Técnica establecida na cláusula terceira do presente encargo.

As certificacións incluírán:

- Gastos Directos. Representarán o 85% da contía indicada e poderán estar formados por gastos de persoal, honorarios, facturas ou gastos de desprazamento dentro do exercicio 2022. De habelos, os gastos de honorarios deberán facer referencia á actividade encomendada e os gastos de persoal xustificaranse coas correspondentes dedicacións e custos laborais. Os custes imputados serán os vinculados ás actuacións encargadas. Serán elixibles os gastos e pagos realizados dende o 1/1/2022 ata o 31/12/2022.
- Gastos Xerais. Representarán o 15% do total do importe, desglosados tal como se indica de seguido:
 - 7,5 % para a coordinación técnica.
 - 2,5% para a Secretaría Técnica de FUAC.
 - 5% xestión económica por parte da FUAC.

Os gastos xerais indicados ata o 15% non requirirán xustificación.

A certificación económica conxunta entre a Dirección Técnica e a xerencia da FUAC remitirase en prazo e forma, cando así sexa indicado pola Dirección Técnica, á unidade designada segundo a cláusula terceira do presente encargo.

A FUAC conservará todos os documentos xustificativos do gasto directo, quedando debidamente custodiados e á disposición da UDC en canto en tanto poidan ser obxecto de actuacións de comprobación e control.

SEXTO. O pagamento da UDC a FUAC quedará supeditado a presentación pola FUAC da certificación dos gastos realizados conforme ao presente encargo. Non se contemplan nin anticipos nin pagamentos parciais.

SÉTIMO. A UDC poderá realizar as labores de inspección, comprobación ou seguimento que considerar oportuno sobre á realización dos traballos do encargo.

OITAVO. Nas súas actuacións xerais, organizativas e de apoio para o desenvolvemento das actuacións encomendadas, a FUAC empregará o galego, podendo utilizar para conformidade lingüística o Servizo de Normalización Lingüística da UDC.

NOVENO. A realización do encargo non suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral do persoal da FUAC dedicado ao proxecto coa UDC.

Código Seguro De Verificación	YGmVvYTLGVk5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	23/11/2022 11:16:53
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/YGmVvYTLGVk5NDoneN+Cjw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





DÉCIMO. É obriga da FUAC a publicación do presente encargo na súa páxina web.

DÉCIMOPRIMEIRO. A vixencia do presente encargo rematará cando as actuacións obxecto do mesmo sexan realizadas e debidamente xustificadas conforme ao indicado na cláusula sexta.. O prazo máximo de xustificación do presente encargo rematará o 15 de decembro do 2022.

DÉCILOSEGUNDO. Corresponde á UDC a través do departamento indicado na cláusula terceira á interpretación do presente encargo así como resolver as posibles discrepancias que puidesen xurdir na súa execución.

Por todo o indicado,

ACÓRDASE

PRIMEIRO. Encargar á FUAC as actuacións referidas no apartado SEGUNDO do presente encargo relacionados coa promoción e difusión dos campus de especialización e na transferencia de I+D+i.

SEGUNDO. O orzamento para ditas actuacións ascende á cantidade de ONCE MIL EUROS (11.000,00 €). Este importe financiarase con cargo a partida orzamentaria que se detalla de seguido: 6140242809.422D.6490318

Na Coruña, na data da sinatura dixital

O Reitor da Universidade da Coruña

Julio Ernesto Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	YGmVvYTLGVk5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	23/11/2022 11:16:53
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/YGmVvYTLGVk5NDoneN+Cjw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





ANEXO I

ACCIÓN ESTUDIO TALENTO "BIOTEC"

1. Estudio da demanda de talento "biotec" en Galicia. Empresas e outras entidades
 - a. Demanda por sector (público/privado).
 - b. Demanda por tamaño de entidade.
 - c. Distribución xeográfica da demanda.
 - d. A oferta de titulados "biotec" (bio-informática).
 - e. Empregabilidade.
2. Desenvolvemento da páxina web do Mestrado, incluíndo:
 - a. Acceso á inscrición no mestrado.
 - b. Ofertas de emprego.
 - c. Convocatorias de mobilidade.
3. Programa de conferencias de investigadores relevantes en bioinformática (un mínimo de 4 invitados)
 - a. Selección de investigadores de prestixio internacional no eido da bioinformática e informática médica
 - b. Organización de charlas para o alumnado
 - c. Elaboración de informe de satisfacción

Código Seguro De Verificación	YGmVvYTLGVk5NDoneN+Cjw==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Julio Ernesto Abalde Alonso	Asinado	23/11/2022 11:16:53
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/YGmVvYTLGVk5NDoneN+Cjw==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

